

## MANIFESTO CONTRA O CAMPIONATO DE CAZA DO RAPOSO DO DÍA 8 DE FEBREIRO DE 2020

**O balance das últimas seis tempadas de caza amosa como máis de 75.000 raposos atoparon a morte en Galicia a mans de cazadores.** Este mamífero é perseguido durante toda a tempada de caza menor, que dura de outubro a xaneiro, ademais doutros periodos nos que se permiten as batidas desde principios de setembro ata mediados de febreiro. Logo destes seis meses de persecución, que inclúen a súa época de celo, engádense días soltos de descastes durante o resto do ano.

Ademais disto, cada ano en Galicia celébranse **campionatos de caza de raposos** nos que se matan todos os exemplares que se atopan nunha determinada zona no menor tempo posible, mediante o acurralamento cos cans, o acoso e o disparo.

**O ano pasado, en este campeonato de Portomarín, participaron máis de 420 cazadores e mataron a case 40 raposos, moitas delas fêmeas xa preñadas** porque é neste momento do ano cando a raposa está terminando a súa época de celo.

O raposo é un regulador necesario no medio natural, sana as poboacións e limita a superpoboación doutros animais. Con todo, o **seu papel no ecosistema é absolutamente ignorado por aqueles que deberían protexelo.**

Este acto de caza non só é inhumano e cruel, senón tamén é totalmente ilóxico e amosa unha **enorme incompreensión e descoñecemento da ecoloxía básica.** A dieta do raposo presenta un marcado patrón latitudinal, estando a **súa dieta no norte dominada por micromamíferos, froitos e sementes** (Díaz, 2014). **O raposo é INDISPENSABLE para controlar as poboacións de micromamíferos** como a rata, o rato e o topillo pois **é o seu principal depredador.** Outra parte de su **fonte alimentaria está baseada en invertebrados**, moitos dos cales poderían crear superpoboacións se non fosen controlados por eles. Estes cánidos dispersan gran cantidade de sementes, polo que grazas a eles gozamos de maior biodiversidade vexetal e dun monte máis san.

Ademais, **a depredación de galiñas, perdices e codornices salvaxes por parte do raposo é sempre inferior ao 5% da súa dieta**, e é na maioría dos casos algo ocasional (Barrul & Mate, 2005). Isto é o que se argumenta para xustificar a súa caza o alegar que a súa morte supón un “control de predadores”, que non se documenta. Así mesmo, **o raposo é un dos principais carroñeros de Galicia, cunha tarefa crucial para o saneamento do campo**, alimentándose de cadáveres que se non fose por eles poderían transmitir enfermidades graves ás persoas.

Como vemos, **o raposo ten un papel crucial no ecosistema**, a eliminación masiva dun depredador ten consecuencias nefastas na rede trófica e representa o aumento exponencial a curto prazo de especies que poden causar superpoboacións descontroladas.

**Estas batidas non están baseadas en ningún estudo de estima poboacional de raposos na zona e non se coñece o número real de individuos.** Por suposto, o campionato nunca podería ser unha forma de control. Dirixir un campionato de caza no que se trata de matar por matar e no que ademais poden participar os menores é inxustificable. Non está ben disfrazar de xestión do medio natural o que é lecer e negocio dunha minoría.

Este ano está previsto de novo para o día **8 de febreiro outro campionato** de caza de raposo no que se realizarán batidas en 4 tecores de Portomarín, 1 de Paradela, 5 de Guntín e 1 de Monterroso. **Espéranse máis de 400 participantes.** Ese día, por suposto, haberá cazadores por todo o monte e supoñerá un perigo tanto para todas aquelas persoas e cans que habitan a zona, como para aqueles que queiran pasar un día na natureza facendo un uso pacífico nela.

**Por isto, sumándonos as iniciativas de outros concellos (Poio, Pontevedra, 28/01/2020) e movementos cidadáns, levadas a cabo por todo o territorio, e expresamos a través deste escrito a nosa total**

**desaprobación de estas batidas e campionatos** polas razóns anteriormente indicadas, **pedindo aos concellos de Portomarín, Guntín, Paradela e Monterroso, que manifesten o seu rexeitamento ó campionato previsto para o 8 de febreiro e pidan á Xunta que non dé permisos para a súa realización.** Tamén **solicitamos a estes concellos que manifesten o seu rexeitamento a celebración destes campionatos no futuro, ó mesmo que fixo o concello de Poio, e soliciten a Xunta o cese dos permisos para as batidas do raposo no seu territorio.**

#### **Referencias:**

Barrul, Joan & Mate, Isabel. *El zorro*. Monografías zoológicas. Serie Ibérica, vol. 3. Tundra ediciones, Castellón.

Díaz, Francisco. *Ecología y gestión de depredadores generalistas: el caso del zorro (Vulpes vulpes) y la urraca (Pica pica)*. Instituto de Investigación en Recursos Cinegéticos (IREC-CSIC-UCLM-JCCM) Departamento de Ciencia y Tecnología Agroforestal Universidad de Castilla-La Mancha.

#### **Iniciativa Concello de Poio:**

<https://www.farodevigo.es/portada-pontevedra/2020/01/29/pleno-muestra-rechazo-campeonatos-caza/2238541.html>

#### **Manifestacións contra campionatos:**

<https://www.lavozdeg Galicia.es/noticia/lugo/2020/01/26/protesta-lugo-contra-caza-zorro/00031580040988944521299.htm>

<https://www.farodevigo.es/gran-vigo/2020/01/25/versos-musica-vigo-caza-zorro/2236623.html>

<https://www.diario.eco/contra-la-caza-de-zorros/>

#### **As asociacións e colectivos que apoian este manifesto son:**

Plataforma pola Convivencia Ética coa Fauna Silvestre

Quercus Sonora

25 Xastres

A P Gatinería.

ACOPO FAUNA

Action for liberation

ACUNR

ADAAC

ADEGA

ADIJAN

Adopta Plasencia

Adoptala, protectora de Animales

AGATA

Agrocuir

Agrupación cultural Ergueitas

ALBA

Algarroba Negra

Aloia Protectora de Animales Tui

Alpedrete Felino

Alternativa Veciñal Antas de Ulla

ÁLULA (Asociación para el Estudio y la Defensa de la Naturaleza y el Anillamiento Científico de Aves)

Amanecer Animal

Amigos da Terra

Amigos do Patrimonio de Castroverde

Amnistía Animal

AMUS (Acción por el Mundo Salvaje)

ANADEL (Asociación Nacional Animales con Derechos y Libertad)

AP Gatinería

APA La Estrella Animal

APA La Luz Animal  
APA Lucha Animal  
APA, La Laguna del Gato  
Apaalbem  
APADAN, Asociación Protectora de Animales  
Apaguas  
APALF  
Arañazos  
ARGO, Asociación para la Protección Animal  
Asociación ABEIRO  
Asociación Amigos de los Animales De Santiago  
Asociación Betula  
Asociación Club de lectores. Teatro de Antas Ulla  
Asociación DAMA (Defensa Animal y Medio Ambiente)  
Asociación Defensa Équidos  
Asociación La Nava  
Asociación LIBERA!  
Asociación Monte Galego  
Asociación na defensa do Parque Rosalía de Castro de Lugo  
Asociación para la Defensa Animal y Justicia Animal  
Asociación Protectora Animal de Valdeorras A.P.A.V  
Asociación Protectora Bigotes Colonias de Gatos Lalín  
Asociación Ridimoas  
Asociación SOS 112- Vagabundos  
Asociación Tesmenteira  
Asociación Veciñal da Agra do Orzán  
Asociación Víctimas de La Justicia  
Asociación Vida Silvestre Ibérica  
Associação Animal - Portugal  
AVIRUECO (Asociación por la vida rural y sus ecosistemas)  
Batallón Perruno.  
Bien Común del Ambroz  
Capital Animal  
Cattlejeros Parla  
Ces Fuenlabrada  
Club de Lectores Rosalia  
Cm Red Callejeros  
Colectivo Animalista Aranjuez  
Comité da defensa das Rías Altas  
Corazón Animal  
Cova crea  
Dear Wolf - Portugal  
Ecologistas en Acción Galicia  
Ecologistas en Acción Zamora  
El Caballo de Nietzsche  
El Valle Encantado  
Espíritu Animal  
FADAN (Federación de Asociaciones de Derecho Animal)  
Fapam  
Felinos Tres Cantos  
Free Fox Nuestros Amigos los Zorros  
Gatos Pobladores  
Gente Perruna  
Gestión Felina Madrid  
GFAM  
Greenpeace  
Grupo Lobo de Narón

Homeless CATS  
Instituto de Estudios Ulloáns  
Justicia Animal  
La Pradera Equivida el Hogar del Galgo  
La Senda de Gala  
LAADRA  
Linces A CATS  
Llobu Ecoturismo y Medio Ambiente  
LoboXXI  
Los Gatitos de Audry  
Luchando Por Ellos  
Lugo sen Mordazas  
Madrid Felina  
Mejorada Gatuna  
Mesa de defensa y bienestar animal El Pardo  
Mírame a los Ojos  
Modepén Lugo  
Patas Unidas  
Patitas en Marcha de Madrid  
Patitas Solidarias Vigo (Proyecto Montaraz)  
Patrulla Felina de O Barco de Valdeorras  
Pérrikus  
Petón do Lobo  
Plataforma Auga Limpa  
Plataforma Como Eliminar os Eucaliptos de Galiza  
Plataforma Defensa- Animal Extremeña  
Plataforma La Tortura No es Cultura  
Plataforma Lugo de Cara ao Miño  
Plataforma NAC  
Plataforma para la defensa de la Cordillera Cantábrica  
Plataforma Salvemos a Comarca de Ordes  
Plataforma Salvemos Catasós  
Protección Animal- Fresno  
PROVOLAN  
Red EQUO Animales  
Rede Patrimonio Cultural  
Roxin Roxal  
S.O.S. Perrera Badajoz  
Salvando Ángeles sin Alas  
Segunda Oportunidad- Santaella  
Sindicato Labrego Galego  
Sociedad extremeña de Zoología  
Soy Positivo  
SSV Zaragoza  
Tandava Hervas  
TO2 Griñón Animal  
Velilla Gatuna  
Verdegaia  
PACMA  
EQUO  
En Marea  
Esquerda Unida Lugo